

Guía docente

Título superior de diseño

Especialidade: Diseño de interiores

Disciplina: Prácticas externas

Índice

<u>1. Identificación e contextualización</u>	<u>3</u>
<u>2. Descrición da disciplina</u>	<u>3</u>
2.1 Descritores	3
2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.	3
2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación	3
2.4 Metodoloxía	4
<u>3. Obxectivos</u>	<u>4</u>
<u>4. Competencias que se desenvolven na disciplina</u>	<u>5</u>
4.1 Competencias transversais	5
4.2 Competencias xerais	5
4.3 Competencias específicas da titulación	5
<u>5. Organización dos contidos.....</u>	<u>6</u>
5.1 Contidos.....	6
5.2 Organización.....	6
<u>6. Procedemento de avaliación</u>	<u>6</u>

Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de arte e superior de deseño "Pablo Picasso". A Coruña				
Web escolas	www.eapicasso.com				
Mail escolas	escola.artepablo.picasso@edu.cunta.es				
Materia	Xestión do deseño de interiores				
Disciplina	Prácticas externas				
Carácter	Obrigatoria de Especialidade	Tipo	Práctica	Duración	Cuadrimestral
Curso	Cuarto			Créditos ECTS	12
Horas de clase semanais			250 horas no centro de traballo		
Horas de traballo non presencial			38		
Horas de tutoría			12		

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

– Aplicación e complementación das competencias profesionais adquiridas no centro educativo.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Non se contempla

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

A disciplina de Prácticas externas achega ao alumno ao entorno produtivo no que vai a traballar cando remate os seus estudos. Prepara ao alumnado para o exercicio de actividades profesionais, facilita a súa empregabilidade e fomenta a súa capacidade de emprendemento. Realizaranse en empresas, institucións, estudos ou talleres en que a actividade principal se desenvolva no ámbito profesional da especialidade do deseño de interiores, en tarefas directamente relacionadas coas competencias específicas acadadas polo alumnado ao longo dos seus estudos.

2.4 Metodoloxía

Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da disciplina, das súas obrigas e dereitos, das formas de estadía, da selección da empresa, dos períodos para o seu desenvolvemento, da documentación que vai manexar e da forma de cubrir a mesma, dos tipos de seguros dos que son beneficiarios.

Exposición maxistral

Non existen.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos na empresa. As PE terán unha duración presencial mínima de 250 horas, distribuídas en horarios establecidos de acordo coas súas características e as disponibilidades da entidade colaboradora. Procurarase que os horarios sexan compatibles coa actividade académica formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado no centro no que cursa as ensinanzas superiores de Deseño.

Prácticas non presenciais

Preparar a documentación que teñen que presentar ao remate das prácticas e que se recollen no anexo 2.

Exposición e debate

Non existe

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas que o alumnado puidese ter respecto ao cumprimento da súa estancia na empresa, respecto a documentación a entregar ao remate, respecto a calquera circunstancia non prevista inicialmente, por exemplo dar parte ao seguro en caso de accidente ou rotura de materiais do centro de traballo.

Actividades de avaliación

E a media ponderada dos apartados que figuran no anexo 2 e que son:

- Apartado 2.2 avaliación do titor da empresa facendo a media aritmética das diferentes notas.
- Asistencia, participación e colaboración no procedemento
- Memoria realizada polo alumnado.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3. Obxectivos

- Contribuír á formación integral do alumnado complementando a súa formación teórica e práctica.

- Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que o alumnado deberá operar, contrastando e aplicando os coñecementos acadados.
- Favorecer o desenvolvemento de competencias xerais, transversais e específicas asignadas á disciplina e as competencias metodolóxicas, persoais e participativas.
- Obter a experiencia práctica que lle facilite a inserción no mercado laboral.
- Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.

4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1 Competencias transversais

- T.1** Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T.2** Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T.3** Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T.4** Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
- T.7** Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
- T.10** Liderar e xestionar grupos de traballo.

4.2 Competencias xerais

- X.5** Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.
- X.13** Coñecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño..
- X.20** Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.
- X.22** Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas.

4.3 Competencias específicas da titulación


- EI.3** Dirixir e certificar a realización de proxectos de interiores.
- EI.4** Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.
- E.I.15** Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, valorar a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do medio e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción

5. Organización dos contidos

5.1 Contidos

Os contidos estableceranse para cada alumno/a en función das características da empresa, institución, estudo ou taller e das características do alumnado.

5.2 Organización



Mode-
lo.
Guía
do-
cente.
Ver.
01.
01/09/
2015.

6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é sumativa ponderada e conta cos seguintes apartados

- Asistencia, participación e colaboración no procedemento -----10%
- Memoria realizada polo alumno/a -----30%
- Avaliación feita polo titor/a da empresa / institución -----60%

A nota expresarase de 0 a 10 e cun decimal.